

O Concello de Fene, mediante resolución da Alcaldía de 4 de decembro de 2014, acordou a adhesión ó Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado, denominado FACe, que proporciona as funcionalidades previstas para o citado punto respecto ás facturas electrónicas dos seus provedores.

Na plataforma FACe atópase toda a información necesaria para que os provedores remitan as súas facturas electrónicas e realicen o seguimento da súa tramitación. No directorio de Organismos adheridos está o Concello de Fene.

A Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, indica na súa disposición final octava sobre entrada en vigor:

a) O artigo 4, sobre obrigas de presentación de factura electrónica, entrará en vigor o 15 de xaneiro de 2015.

Os códigos de identificación do Concello para a tramitación de facturas electrónicas, son:

Oficina contable	Organo xestor	Unidade Tramitadora
LA0003030 UNIDADE DE INTERVENCIÓN E CONTROL	LA0003033 ALCALDIA	LA0003030 UNIDADE DE INTERVENCION E CONTROL

OBRIGADOS

Estarán obrigados a facturar electronicamente e presentar a factura a través do punto xeral de entrada de facturas electrónicas todos os provedores que entregasen bens ou prestasen servizos ao Concello de Fene e que se correspondan coas entidades ás que fai referencia o apartado primeiro do artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público.

NON OBRIGADOS

O Pleno do Concello de Fene, en sesión de 29 de decembro de 2014 acordou que quedan **excluídas da obriga de facturar electronicamente**, aínda que sexan emitidas polas entidades obrigadas ao emprego da factura electrónica, as facturas cun importe **de ata 5000 € IVE** incluído. En todo caso, as facturas emitidas deberán conter todos os datos e información requeridos con carácter xeral.

Acceso ó Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas

<https://face.gob.es/>